



Institut d'Estudis Catalans

*Programa «CiT (Terminologia de ciències i tecnologia)»
Secció de Ciències i Tecnologia*

**Guía de uso das opcións de busca do
*Dicionario multilingüe da ciencia do solo***


BARCELONA
2014

ÍNDICE

1 EXPLICACIÓN DAS OPCIONS DE BUSCA	3
1.1 BUSCA POR ENTRADA	3
1.2 BUSCA POR EQUIVALENTES	4
1.3 BUSCA POR DEFINICIÓN	4
1.4 BUSCA POR ÁREA TEMÁTICA	4
1.5 BUSCA POR SINÓNIMOS E TERMOS RELACIONADOS	5
2 EJEMPLOS DE TIPOS DE BUSCA	6
2.1 BUSCA POR ENTRADA	6
2.2 BUSCA POR EQUIVALENTES	10
2.3 BUSCA POR DEFINICIÓN	13
2.4 BUSCA POR ÁREA TEMÁTICA	15
2.5 BUSCA POR SINÓNIMOS E TERMOS RELACIONADOS	16

Nesta guía pretendemos explicar, dunha forma clara e comprensible, como facer uso das diferentes opcións de busca (ver a imaxe inferior) que permiten consultar o *Diccionario multilingüe da ciencia do solo*.

O motor de busca desta obra encóntrase na parte superior da pantalla.



1 EXPLICACIÓN DAS OPCIÓNS DE BUSCA

Nesta obra, pódense facer buscas por **entrada** se se quere buscar un termo concreto, pero tamén pódese buscar na **definición**, por **sinónimos e termos relacionados** (aínda que non todas as entradas teñen), por **equivalentes** (en outros idiomas) e por **área temática**.

1.1 Busca por entrada

Esta opción de busca (marcada cun **A** na imaxe superior) permite encontrar os termos a partir da súa forma exacta ou a partir dunha secuencia de letras se utilizamos as opcións para indicar o grao de coincidencia (marcadas cun **D** na imaxe superior):

- «Que coincida con»: busca o termo exacto que se escribe.
- «Que empece por»: busca os termos que empezan pola cadea de texto escrita.
- «Que conteña»: busca os termos que conteñen a cadea de texto escrita.
- «Que acabe en»: busca os termos que rematan na cadea de texto escrita.

A opción «Que coincida con» aparece seleccionada por defecto. Non obstante, podemos cambiar esta opción en calquera momento.

Non podemos realizar buscas co campo *Palabra, fragmento de palabra ou partícula a buscar* baleiro nin tampouco buscas que combinen os catro parámetros anteriores. Neste tipo de busca non se teñen en conta nin os acentos nin as maiúsculas.

1.2 Busca por equivalentes

Esta opción de busca (marcada cun **C** na imaxe anterior) permite buscar tanto termos españois como os seus equivalentes en catalán, francés, galego, inglés (británico e americano) e portugués.

O campo *Idioma* é un menú despregable no que aparece o «español» por defecto; aínda así, pódese seleccionar calquera das outras linguas se se quere buscar un termo en outra lingua.

1.3 Busca por definición

Esta opción de busca —accesible desde o menú despregable *Busca por* (marcado cun **A** na imaxe anterior)— permite buscar termos (ou palabras) na definición das entradas. Como todos os termos do dicionario teñen a definición en español, a elección deste tipo de busca implica desactivar a elección de idioma no menú despregable, onde aparece «español» por defecto.

Este tipo de busca pódese combinar cos catro graos de coincidencia comentados anteriormente. Non obstante, tal e como pasaba na busca por entrada, non se pode facer unha busca que combine estes parámetros ou que teña o campo *Palabra, fragmento de palabra ou partícula a buscar* baleiro.

1.4 Busca por área temática

A busca por área temática (opción marcada cun **D** na imaxe anterior) permite buscar todos os termos que pertencen a un área temática concreta. Para este tipo de consultas, se pode deixar o campo *Palabra, fragmento de palabra ou partícula a buscar* baleiro e seleccionar unha das áreas temáticas. Hai que ter en conta que se a opción seleccionada é «Todas as áreas», débese encher o campo *Palabra...*

Do mesmo modo que na busca por entrada, na busca por definición pódese buscar a forma exacta que se escribiu ou acoutala usando as seguintes opcións:

- «Que coincida con»: busca o termo exacto que pertence a un área temática concreta.
- «Que empece por»: busca os termos que empezan pola cadea de texto escrita e que pertencen a un área temática concreta.
- «Que conteña»: busca os termos que conteñen a cadea de texto escrita e que pertencen a un área temática concreta.

- «Que acabe en»: busca os termos que rematan na cadea de texto escrita e que pertencen a un área temática concreta.

A busca «Que coincida con» aparece seleccionada por defecto, pero se pode cambiar de opción en calquera momento.

1.5 Busca por sinónimos e termos relacionados

Esta opción de busca —accesible desde o menú despregable *Busca por* (marcado cun **A** na imaxe anterior)— permite buscar entradas a partir dos seus sinónimos e termos relacionados. Tal e como sucede nos demais tipos de busca, pódese buscar unha cadea de texto exacta ou se poden utilizar as seguintes opcións:

- «Que coincida con»: busca o sinónimo ou termo relacionado exacto que se escribe.
- «Que empece por»: busca os sinónimos ou termos relacionados que empezan pola cadea de texto escrita.
- «Que conteña»: busca os sinónimos ou termos relacionados que conteñen a cadea de texto escrita.
- «Que acabe en»: busca os sinónimos ou termos relacionados que rematan na cadea de texto escrita.

A busca «Que coincida con» aparece seleccionada por defecto, pero se pode cambiar de opción en calquera momento. Non obstante, tal e como pasaba na busca por entrada, non se pode facer unha busca que combine estes parámetros ou que teña o campo *Palabra, fragmento de palabra ou partícula a buscar* baleiro.


2 EXEMPLOS DE TIPOS DE BUSCA

2.1 Busca por entrada

Esta busca permite consultar os termos cataláns contidos na obra. Os parámetros de busca da parte superior da pantalla permiten acoutalas.

— *Que empece por*

- Buscar entradas que empecen por unha letra: con este tipo de busca pódense consultar todas as entradas do dicionario que empezan por unha letra, por exemplo, o g.



The screenshot shows the search interface of the S E C S dictionary. At the top, there are search filters: 'BÚSQUEDA POR:' with a dropdown set to 'Entrada', 'IDIOMA:' with a dropdown set to 'galego', and 'ÁREA:' with a dropdown set to 'Todas as áreas'. To the right, there is a search box with 'g' entered and a search button. Below the search box, there is a dropdown menu set to 'Que empece por'. The main content area is divided into a left sidebar with a list of search results and a main pane showing the detailed entry for 'gándara f.'. The sidebar lists: 'gándara', 'gas dos pantanos', 'grao francés', 'grupo funcional na superficie', and 'grupo funcional superficial'. The main pane shows the entry for 'gándara f.' with its definition, etymology, and various linguistic forms in different languages.

BÚSQUEDA POR: Entrada
IDIOMA: galego
ÁREA: Todas as áreas

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR: g
 Que empece por

S E C S

INTRODUCCIÓN | AUTORES | ÁRBORE DA CIENCIA | ABREVIACIÓNS | BIBLIOGRAFÍA | EDICIÓNS EN LIÑA | AXUDA

1 de 1 (5 registres)

gándara
 ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
 COMPORTAMENTO DO SOLO

gas dos pantanos
 ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
 COMPORTAMENTO DO SOLO

grao francés
 ATMOSFERA E AUGA DO SOLO
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
 COMPORTAMENTO DO SOLO

grupo funcional na superficie
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
 COMPORTAMENTO DO SOLO

grupo funcional superficial
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
 COMPORTAMENTO DO SOLO

gándara f.
 ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
 Braña.
Sin. pref.: braña f.

gas dos pantanos c. nom. m.
 ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
 Gas combustible que ten o metano (CH₄) como compoñente principal. Fórmase e despréndese en zonas pantanosas en condicións extremadamente reductoras, nas que as formas máis oxidadas de carbono actúan como aceptoras de electróns, e o carbono pasa a estado de oxidación-4 se ben a carga segue a ser 4.

ca gas dels pantans c. nom. m.
 en swamp gas nom. c.
 es gas de los pantanos c. nom. m.
 fr gaz des marais c. nom. m.
 pt gás dos pântanos c. nom. m.


grao francés c. nom. m.
 ATMOSFERA E AUGA DO SOLO
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
 Unidade de medida da dureza da auga correspondente a un contido de calcio e magnesio que equivale a 10 miligramos de carbonato de calcio (CaCO₃) por litro e que se representa cos símbolos °fH ou °f. Un auga considérase moi branda, entre 0 °fH e 7 °fH; branda, entre 7 °fH e 15 °fH; semidura, entre 15 °fH e 32 °fH; dura, entre 32 °fH e 53 °fH, e moi dura, se supera os 53 °fH.

ca grau francés c. nom. m.
 en French degree nom. c.
 es grado francés c. nom. m.
 fr degré français c. nom. m.
 pt grau francês c. nom. m.

grupo funcional na superficie c. nom. m. sigla GFS
 PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
 Grupo de átomos (estruturas submoleculares) que confiren unha reactividade química característica ás moléculas situadas na superficie das partículas da fase sólida do solo. Teñen unha importante función nos procesos de adsorción e de protonación, entre outros. Entre os compoñentes minerais do solo que presentan grupos funcionais de superficie (GFS) encóntranse os minerais de arxila, os materiais de baixo orde, os óxidos metálicos e os hidróxidos; mentres que os grupos carboxílicos, fenólicos, sulfidrilos e as aminas son GFS dos compoñentes coloidais da materia orgánica. Pódese tratar de sedes activas polares ou de sedes activas non polares.
Sin. compl.: grupo funcional superficial c. nom. m.

ca grup funcional a la superfície c. nom. m.
 en surface functional group nom. c.
 es grupo funcional en la superficie c. nom. m. sigla GFS, grupo funcional superficial c. nom. m. sigla GFS
 fr groupe fonctionnel de surface c. nom. m.
 pt grupo funcional de superfície c. nom. m.

- Buscar entradas formadas por máis dunha palabra: con este tipo de busca pódense consultar as entradas formadas por unha palabra seguida dun sintagma (preposicional, adxectivo, etc.). Consultemos as entradas empezadas por *acedume*.



S E C S

BÚSQUEDA POR:

Entrada


IDIOMA:

ÁREA:

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR

acedume

Que empece por



Institut d'Estudis Catalans

INTRODUCCIÓN
AUTORES
ÁRBORE DA CIENCIA
ABREVIACIÓNS
BIBLIOGRAFÍA
EDICIÓN EN LIÑA
AXUDA

1 de 2 (15 registres)

- acedume**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume de cambio**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume de superficie**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume desprazable cunha disolución salina non amortecida**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume efectivo**
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume en reserva**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume equivalente**
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume extraíble**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume intercambiable**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- acedume non intercambiable ao pH do solo**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO

acedume *m. simb. a*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
Propiedade de aquelas substancias que son capaces de afectar ao equilibrio acuoso facendo que a actividade de ións hidronio ($a_{H_3O^+}$) sexa maior que a de ións hidroxilo (a_{OH^-}), e que poden neutralizar un medio básico.
Sin. compl.: acidez f.
ca acidesa *f. simb. a*
en acidity *n.*
es acidez *f.*
fr acidité *f.*
pt acidez *f.*

acedume de cambio *c. nom. m.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
Acedume intercambiable.
Sin. pref.: acedume intercambiable c. nom. m.

acedume de superficie *c. nom. m.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
Magnitude que expresa a concentración de ións H^+ na interface sólido-líquido no solo, na cal o sólido é unha partícula coloidal con carga eléctrica.
Sin. compl.: acidez de superficie c. nom. f.
ca acidesa de superficie *c. nom. f.*
en surface acidity *nom. c.*
es acidez de superficie *c. nom. f.*
fr acidité de surface *c. nom. f.*
pt acidez de superficie *c. nom. f.*

acedume desprazable cunha disolución salina non amortecida *c. nom. m.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
Acedume intercambiable.
Sin. pref.: acedume intercambiable c. nom. m.

acedume efectivo *c. nom. m.*
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
Magnitude que expresa a actividade dos ións hidronio libres ($a_{H_3O^+}$) na fase líquida do solo. É un valor de pH moi próximo ao que están expostas as raíces das plantas na rizosfera. Corresponde á parte do **acedume** que se determina medindo o pH en unha suspensión solo-auga desmineralizada, xeralmente en unha relación 1:2,5. Se consideran ácidos aqueles solos cuxos valores de pH son inferiores a 6,5. A expresión **acedume actual**, coa que as veces se denomina, débese a un calco do termino inglés *actual*, cuxa equivalencia en galego é *real*.
Sin. compl.: acedume real c. nom. m.
Sin. desest.: acidez actual c. nom. f., acidez activa c. nom. f., acidez libre c. nom. f.
ca acidesa real *c. nom. f., acidesa efectiva c. nom. f., acidesa activa c. nom. f.* Den. Desest., acidesa actual *c. nom. f.* Den. Desest., acidesa lliure *c. nom. f.* Den. desest.
en actual acidity *nom. c., active acidity nom. c.* Den. Desest.
es acidez efectiva *c. nom. f., acidez real c. nom. f., acidez activa c. nom. f.* Den. Desest., acidez actual *c. nom. f.* Den. Desest.
fr acidité réelle *c. nom. f., acidité active c. nom. f.*
pt acidez real *c. nom. f., acidez activa c. nom. f.*

— Que conteña

- Buscar entradas que conteñan un termo: con este tipo de busca, se poden consultar as entradas que conteñen un termo específico. Busquemos as entradas que conteñen *intercambio*.



SECS

BÚSQUEDA POR: ÁREA:

IDIOMA:

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR: 🔍

Que conteña

INTRODUCCIÓN

AUTORES

ÁRBORE DA CIENCIA

ABREVIACIÓNS

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓIN EN LIÑA


AXUDA

◀ ▶ 1 de 1 ▶▶ (10 registres)

<ul style="list-style-type: none"> ⊖ adsorción por intercambio catiónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ adsorción por intercambio iónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ capacidade de intercambio catiónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ capacidade de intercambio de aniões PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ capacidade de intercambio de catións efectiva PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ intercambio aniónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ intercambio catiónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ intercambio iónico PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ meteorización por intercambio catiónico¹ ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO ⊖ meteorización por intercambio catiónico² ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO 	<p>adsorción por intercambio catiónico <i>c. nom. f.</i> PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO Adsorción de carácter reversible por medio da cal un catión da fase líquida substitúe a un catión da interface sólido-líquido. <i>ca</i> adsorció per intercanvi catiónic <i>c. nom. f.</i> <i>en</i> adsorption by cation exchange <i>nom. c.</i> <i>es</i> adsorción por intercambio catiónico <i>c. nom. f.</i> <i>fr</i> adsorption par échange cationique <i>c. nom. f.</i> <i>pt</i> adsorção por troca catiónica <i>c. nom. f.</i></p> <hr/> <p>adsorción por intercambio iónico <i>c. nom. f.</i> PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO Adsorción de carácter reversible pola cal se produce unha reacción de superficie entre un ión da fase líquida e un ión do mesmo signo da interface sólido-líquido, que pasa á fase líquida do solo. <i>ca</i> adsorció per intercanvi ionic <i>c. nom. f.</i> <i>en</i> adsorption by ionic exchange <i>nom. c.</i> <i>es</i> adsorción por intercambio iónico <i>c. nom. f.</i> <i>fr</i> adsorption par échange ionique <i>c. nom. f.</i> <i>pt</i> adsorção por troca iónica <i>c. nom. f.</i></p> <hr/> <p>capacidade de intercambio catiónico <i>c. nom. f.</i> sigla CIC simb. CIC PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO Propiedade que presentan os compostos químicos coloidais (cambiator) con carga negativa de intercambiar catións adsorbidos de forma reversible nos grupos funcionais situados na súa superficie por outros catións, xeralmente da fase líquida do solo ou adsorbidos noutra fase sólida en contacto con aquela, a un pH determinado. Os principais cambiadores de catións no solo son: (1) partículas coloidais tales como os minerais da arxila; (2) aluminosilicatos non cristalinos e óxidos de Fe e Al; e (3) os compoñentes orgánicos. Exprésase como a cantidade máxima de catións (cmol_c) por unidade de masa do cambiador, a un pH determinado. En clasificación de solos, estandarizouse a determinación a pH 7,0). Exprésase mediante a fórmula $CIC = S \cdot \sigma$, onde S é a superficie específica (expresada en cm²g⁻¹) e σ é a densidade de carga superficial (expresada en cmol_ccm⁻²). <i>Sin. compl.:</i> capacidade de troco de catións <i>c. nom. f.</i> <i>ca</i> capacitat d'intercanvi catiónic <i>c. nom. f.</i> <i>en</i> cation exchange capacity <i>nom. c.</i> sigla CEC, cation-exchange capacity <i>nom. c.</i> sigla CEC <i>es</i> capacidad de intercambio catiónico <i>c. nom. f.</i> sigla CIC <i>fr</i> capacité d'échange cationique <i>c. nom. f.</i> <i>pt</i> capacidade de troca catiónica <i>c. nom. f.</i></p>
---	--

— Que acabe en

- Buscar entradas que rematen por unha secuencia gráfica concreta (por exemplo, un sufixo): con este tipo de busca, móstranse os termos que rematan por unha determinada secuencia gráfica. Busquemos as entradas rematadas en *-ción*.




BÚSQUEDA POR:

IDIOMA:

ÁREA:

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR:

Que acabe en



INTRODUCCIÓN
AUTORES
ÁRBORE DA CIENCIA
ABREVIACIÓNS
BIBLIOGRAFÍA
EDICIÓ EN LIÑA
AXUDA

1 de 9 (86 registres)

- absorción**
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- acidificación**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- adsorción**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- alcalinización**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- amonificación**
COMPOÑENTES ORGÁNICOS DO SOLO
PROPIEDADES BIOQUÍMICAS E BIOLÓXICAS E
COMPORTAMENTO DO SOLO
- auga de cristalización**
COMPOÑENTES MINERAIS DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- auga de hidratación¹**
COMPOÑENTES MINERAIS DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- auga de hidratación²**
COMPOÑENTES MINERAIS DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- autofloculación**
COMPOÑENTES MINERAIS DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO
- biodegradación**
CALIDADE, AVALIACIÓN, DEGRADACIÓN E
PROTECCIÓN DE SOLOS
PROPIEDADES BIOQUÍMICAS E BIOLÓXICAS E
COMPORTAMENTO DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO

absorción *f.*
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO

Proceso fisicoquímico mediante o cal unha ou máis especies químicas en fase líquida ou gasosa penetran na fase adsorbente atravesando a súa superficie e se difunden dentro da súa estrutura tridimensional (sólida microporosa). O adsorbente pode ser inorgánico ou orgánico. No caso das plantas, as raíces adsorben os nutrientes que atravesan a superficie da raíz e se difunden no seu interior.

ca adsorción *f.*
en adsorption *n.*
es adsorción *f.*
fr adsorption *f.*
pt absorção *f.*

acidificación *f.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO

Proceso fisicoquímico que produce un aumento do acedume do solo. Pode tratarse dun proceso natural ou de degradación do solo debido a accións antrópicas, tales como deposicións ácidas (sólidas e chuvias ácidas) en zonas industriais, ou un exceso de fertilización con compostos que teñan amonio (NH₄⁺), especialmente en solos arenosos. Ten lugar de forma natural en solos ben drenados de zonas con lixiviación. Vese favorecida, ademais, polos seguintes factores: pola presenza de materia orgánica; pola liberación de dióxido de carbono (CO₂) pola respiración das raíces e dos organismos do solo; polo empobrecemento de catións básicos ao ser exportados polas colleitas, e pola incorporación de fertilizantes de reacción ácida, tales como os amoniacais e a urea (tras unha oxidación microbiana), entre outros. Normalmente, comporta unha perda progresiva de catións básicos do complexo de intercambio que son substituídos por ións aluminio e por ións hidróxeno coa conseguinte diminución do pH. Por debaixo de pH 5,5, o aluminio pode atoparse en formas biodisponibles e, en consecuencia, ser tóxico para as plantas non tolerantes. Supón unha diminución da capacidade de neutralización de acidez do solo (CNA) e un aumento da capacidade de neutralización de basicidade do solo (CNB).

ca acidificació *f.*
en acidification *n.*
es acidificación *f.*
fr acidification *f.*
pt acidificação *f.*

adsorción *f.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS
COMPORTAMENTO DO SOLO

Proceso fisico-químico polo cal se produce unha acumulación ou un aumento de concentración de substancia ou material (adsorbato) na interface entre a fase sólida e a fase líquida (ou gasosa) circundante. Prodúcese por medio de unións de superficie entre a fase sólida e os ións, os átomos ou as moléculas da fase líquida ou da atmosfera do solo. Segundo o tipo de unión, pode ter carácter reversible ou irreversible.

V. t.: adsorción de esfera interna c. nom. f.


ca adsorció *f.*
en adsorption *n.*
es adsorción *f.*
fr adsorption *f.*
pt adsorção *f.*

2.2 Busca por equivalentes

Esta busca, que é unha variante da busca por entrada, permite consultar os equivalentes das entradas, é dicir, os termos cataláns, franceses, ingleses, galegos e portugueses. Ao escoller a busca por entrada e, a continuación, seleccionar unha de estas linguas no menú despregable *Idioma*, pódense buscar os equivalentes usando tamén os parámetros que determinen o grao de coincidencia co texto escrito.

— *Que empece por*

➤ Buscar los equivalentes en inglés que empecen por un termo concreto, por exemplo, *salt*.




BÚSQUEDA POR:

IDIOMA:

ÁREA:

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR:

Que empece por



INTRODUCCIÓN
AUTORES
ÁRBORE DA CIENCIA
ABREVIACIÓNS
BIBLIOGRAFÍA
EDICIÓ EN LIÑA
AXUDA

◀ 1 de 1 ▶ (8 registres)

- acedume intercambiable**
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- balance de sales**
ATMOSFERA E AUGA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- centro de redistribución de sales**
ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- desalinización**
CALIDADE, AVALIACIÓN, DEGRADACIÓN E PROTECCIÓN DE SOLOS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- estrés salino**
FERTILIDADE QUÍMICA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- haloclastia**
ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- marisma**
ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- sal máis soluble que o xeso¹**
CLASIFICACIÓN, TAXONOMÍA E CORRELACIÓN DE SOLOS
COMPOÑENTES MINERAIS DO SOLO
ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO

acedume intercambiable *c. nom. m.*
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO

Magnitude que expresa a proporción da capacidade de intercambio de catións efectiva (CICE) ocupada por ións hidronio (H₃O⁺) e outros catións acedos (Al³⁺) que poden ser desprazados por unha disolución de sal neutro non amortecida (xeralmente unha disolución de cloruro de potasio, KCl 1M). Equivale á diferenza entre o valor da CICE e a suma do contido en catións básicos.

Sin. abs.: acedume intercambiable *c. nom. m.*
Sin. compl.: [acedume de cambio](#) *c. nom. m.*, [acedume desprazable cunha disolución salina non amortecida](#) *c. nom. m.*, [acidez de troco](#) *c. nom. f.*
Sin. desest.: acedume potencial *c. nom. m.*, acidez potencial *f.*

ca acidesa intercambiable *c. nom. f.*, acidesa potencial *c. nom. f.* Den. desest. (en desuso), acidesa bescanviable *c. nom. f.*
en exchangeable acidity *nom. c.*, potential acidity *nom. c.*, **salt** replaceable acidity *nom. c.*
es acidez intercambiable *c. nom. f.*, acidez de cambio *c. nom. f.*, acidez desplazable con una disolución salina no tamponada. *c. nom. f.*, acidez potencial *c. nom. f.* Den. desest. (en desuso)
fr acidité échangeable *c. nom. f.*, acidité potentielle *c. nom. f.*
pt acidez de troca *c. nom. f.*, acidez permutável *c. nom. f.*

balance de sales *c. nom. m.*
ATMOSFERA E AUGA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO

Relación entre as entradas e as saídas de sales solubles dun sistema. En solos con procesos de salinización inducidos pola rega, equivale á diferenza entre a cantidade de sales solubles aportados pola auga de rega e a cantidade eliminada pola auga de drenaxe, nunha superficie e nun período de tempo determinados.

Sin. compl.: [balance salino](#) *c. nom. m.*
ca balanç de sais *c. nom. m.*
en **salt** balance *nom. c.*
es balance de sales *c. nom. m.*, balance salino *c. nom. m.*
fr bilan de sels *c. nom. m.*
pt balanço de sais *c. nom. m.*


centro de redistribución de sales *c. nom. m.*
ORIXE DO SOLO E ORGANIZACIÓNS EDÁFICAS
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO

Formación xeolóxica sedimentaria que, polo feito de conter sales máis solubles que o xeso, abastece de sales ás augas superficiais ou subsuperficiais que entran en contacto con ela; as disolven e as transportan cara as partes baixas do terreo. Nos fondos máis drenados, en medios semiáridos e áridos, cando a auga se evapora, os sales precipitan e se acumulan, feito que dá lugar a unha salinización secundaria do solo.

Sin. compl.: [centro de redistribución da salinidade](#) *c. nom. m.*
ca centre de redistribució de sais *c. nom. m.*, centre de redistribució de la salinitat *c. nom. m.*
en **salt** redistribution center *nom. c.*
es centro de redistribución de sales *c. nom. m.*, centro de redistribución de la salinidad *c. nom. m.*
fr centre de redistribution du salant *c. nom. m.*
pt centro de redistribuição de sais *c. nom. m.*

— Que conteña

➤ Buscar os equivalentes en francés que conteñan un termo: por exemplo, *systeme*.




SECS

BÚSQUEDA POR:

IDIOMA:

PALABRA, FRAGMENTO DE PALABRA OU PARTICULA A BUSCAR:

Que conteña



INTRODUCCIÓN
AUTORES
ÁRBORE DA CIENCIA
ABREVIACIÓNS
BIBLIOGRAFÍA
EDICIÓ EN LIÑA
AXUDA

1 de 1 (3 registres)

- sistema**
PROPIEDADES FÍSICAS E COMPORTAMENTO DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- sistema disperso**
PROPIEDADES FÍSICAS E COMPORTAMENTO DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICO-QUÍMICAS E QUÍMICAS COMPORTAMENTO DO SOLO
- sistema internacional de unidades**
ATMOSFERA E AUGA DO SOLO
PROPIEDADES FÍSICAS E COMPORTAMENTO DO SOLO
